



## A Grecia continental

Dentro da Grecia continental hai que distinguir as seguintes rexións:

1. O **Peloponeso**: Etimoloxicamente significa a *illa de Pélope* (mítico fundador da dinastía dos Pelópidas, localizados en Micenas). É unha enorme península (hoxe illa pola apertura do canal de Corinto). Á súa vez está formada por unha serie de rexións periféricas (*Laconia, Mesenia, Élide, Acaia*), que envolven unha rexión central que está illada por cadeas montañosas: a *Arcadia*. Na Antigüidade, a Arcadia era un país rudo, agreste, montañoso, cheo de bosques poboados de osos (*arkos* en grego significa oso). Os montes principais desta zona son o *Erimanto*, o *Cilene* e o *Ménalo*. Tamén ten dous ríos de certa importancia: o *Laon* e o *Alfeo*.

**Laconia** está separada da Argólida pola cadea montañosa do Taigeto, e está regada polo río Eurotas.

A **Mesenia**, no oeste de Laconia, está dividida en dúas grandes rexións polo monte Itome.

A **Argólida**, xunto coa zona do istmo, comprende unha serie de importantes cidades históricas: Sición, Corinto –no istmo que leva o seu nome-, Epidauro, centro relixioso, Micenas, Argos.

A rexión occidental do Peloponeso, a Élide, ía descendendo desde Arcadia suavemente ata o mar: nela estaba a cidade sagrada máis importante: Olimpia.

No Norte, a rexión de Acaia tivo un papel secundario boa parte da historia grega, exceptuando a época helenística: foi esta rexión a que deu nome á Liga Aquea.

2. **Grecia central**, moi abrupta, formada por dúas importantes rexións histórico-xeográficas, separadas polos montes Citerón: **Beocia**, coa súa capital, Tebas, e o **Ática**, con Atenas.

Outras rexións da Grecia central son: Fócida, onde estaba o famoso santuario de Delfos; Lócrida, Etolia e Acarnania. Estas últimas mantiveron certo illamento do resto das rexións helénicas durante a época histórica. Só en época tardía tivo a Liga Etolia certo predicamento histórico.

3. **Grecia septentrional**: separada de Beocia polos montes Otris e por unha serie de serras e montes que corren paralelos ao mar pola parte oriental (Osa, Olimpo, Pelión), atópase unha grande chaira –antes un antigo lago- hoxe recuberta por terras de aluvián e moi fértil, chamada **Tesalia**. O monte Pindo sepáraa do Epiro

polo banda occidental; e o val do Tempe sepáraa polo norte de Macedonia. Ao sur, un paso estreito, as Termópilas a mantiñan separada do resto de Grecia. Este territorio está recorrido polos río Esperqueo e Peneo: rexión moi plana, gran produtora de trigo e cabalos, raramente constituíu unha unidade histórica: todo o máis , constituíronse nela algunhas federacións das principais cidades: Cranón, Fársalo, Larisa e Feres

De entre as restantes rexións da Grecia setentrional temos que citar o **Epiro**, moi afastada do resto de Grecia na época histórica; **Macedonia** entrou na órbita grega nos séculos V-IV a.C.. E das rexións máis setentrionais, a **Tracia** e a **península da Calcídica** foron colonizadas moi cedo polos gregos.



## As illas

Nelas se desenvolve unha boa parte da historia grega:

1. As Cícladas, chamadas así porque forman un círculo na zona S.E. da península ática. As principais son : Ceos, Teos, Paros, Mikonos, Delos, Sifnos, Naxos, Andros, Melos. Son moi rochosas e na súa maioría teñen orixe volcánica.
2. As Espóradas, un conxunto de illas diseminadas polo Exeo, entre a Grecia continental e a costa de Asia Menor: Siros, Lemnos, Esciros, Tasos, Samotracia.
3. As illas Xónicas, chamadas ás veces Heptanesos (sete illas), constitúen unha ponte entre Grecia e o sur de Italia: Corfú (Corcira na Antigüidade), Cefalonia, Zante (Zacinto na Antigüidade); Ítaca, Léucade.
4. Eubea, unha illa moi alongada fronte á costa de Beocia e Ática.
5. Creta, a gran illa, con gran personalidade propia, tanto na Antigüidade como nos tempos modernos, a medio camiño entre Grecia e África.

## A costa de Asia menor

Toda esta zona foi colonizada case desde os comezos da historia grega, quedando asimilada á cultura helénica; máis aínda, dando o primeiro brote de cultura grega no período arcaico. De norte a sur debemos distinguir unha serie de rexións, *Frixia* ou a *Tróade* (con *Troia* nela); *Misia*, *Lidia*, *Caria*, *Panfília*.

Unha serie de illas van orlando este litoral: *Lesbos*, *Quíos*, *Samos*, *Rodas*, *Cos*, e, xa no gran arco que forma Siria, a illa de *Chipre*.

Entre as cidades desta zona costeira cabe mencionar pola súa importancia histórica, a *Mileto*, *Éfeso*, *Esmirna*, *Clazómene*, *Priene*, *Cos*, *Cnido*, *Halicarnaso*.

## A Magna Grecia

Resultado das colonizacións, a zona meridional de Italia e gran parte da illa de *Sicilia* foron helenizadas moi cedo, e chegaron a constituír unha rexión cultural moi notable, caracterizada por trazos propios. En Sicilia as cidades de *Siracusa*, *Agrigento*, *Gela*, *Himera* foron importantes; no sur de Italia temos que mencionar *Tarento* e *Regio. Mesina* dominada o estreito que leva o seu nome.

Nun momento dado, sobre todo a partires do século VI a.C., foi un centro de atracción dos pobos da Grecia propia. Atenas tentou conquistar todas estas rexións durante a guerra do Peloponeso, pero fracasou no intento.

## **A importancia da xeografía no desenvolvemento da historia grega**

O trazo fundamental da Grecia continental e insular é a atomización do país en pequenas comarcas, dado o montañoso do terreo e abundancia de vales. Iso facilitou a división política e a diversidade dialectal. Só se conseguiu, durante a época clásica, unha certa unidade temporal de determinadas rexións arredor dun santuario, fenómeno coñecido como *Anfictionía*, o arredor dunha cidade que leva a dirección política – hexemonía: podemos citar a *Liga peloponésica*, con Esparta como *hegemonía*; a liga tebana, con Tebas á cabeza, a *anfictionía délica*-, con Atenas á fronte; e a *anfictionía délfica*, con *Delfos* como centro. Xa na época helenística se sitúan a Liga Aquea e a Liga Etolia.

Polo tanto, a unidade de Grecia só foi unha unidade cultural na época clásica –de lingua e relixión-, baixo o amparo dos *Xogos panhelénicos* (especialmente os olímpicos). Nun momento dado, xa a finais do século IV a.C., esta unidade política conseguiuase baixo a dirección dun país de orixe non grega: a Macedonia de Filipo II e Alexandre.

# **O MUNDO GREGO: A HISTORIA**

## **O PERÍODO PREGREGO**

### **A PREHISTORIA**

Se durante o Paleolítico Grecia apenas amosa testemuñas de poboamento humano, no Neolítico a cantidade de achados permiten deducir que a península e as illas xa estaban particularmente poboadas.

Das tres grandes rexións arqueolóxicas nas que se pode dividir a área continental da Grecia neolítica –setentrional, central e meridional- a mellor coñecida e a máis abundantemente escavada é a rexión de Tesalia, onde os prehistoriadores distinguen dous tipos de civilización.

- 1) *A cultura de Sesklo*, así chamada pola estación arqueolóxica do mesmo nome. Está caracterizada por poboados formados por cabanas cadradas, de barro, sen fortificacións, e polo emprego dun tipo de cerámica, ao principio só monocroma, pero máis tarde policromada.
- 2) *A cultura de Dimini*, cuxo trazo máis característico é o emprego de fortificacións e a aparición dun tipo de cerámica coñecido como de *Landas*.



Os portadores de ámbolos tipos culturais, actualmente consideradas alleas a todo tipo de influxo desde a ribeira do Danubio, poderían ser identificados cos falantes dunha lingua mediterránea que deixou a súa pegada no léxico grego.


## A CIVILIZACIÓN CRETENSE OU MINOICA

A comezos do III milenio a.C. comeza a *Idade do Bronce* nas terras gregas. Os arqueólogos distinguen tres tipos de culturas paralelas:

1. *A cultura heládica*, na península grega.
2. *A cultura cicládica* nas illas
3. *A cultura minoica*, en Creta

Cada unha destas culturas subdivídese, á súa vez, en tres grandes etapas, unha das cales, o período do Bronce medio (arredor do 2100 a.C.), é dos máis notables. Xorde agora en Creta a civilización minoica, chamada así pola súa referencia a *Minos*, rei lendarario da illa.

Durante o *minoico medio* florecen os grandes palacios de *Knosos* e *Faistos*: a vida concéntrase agora na rexión central da illa, e tamén na parte meridional. Os palacios, dunha gran complicación, carecen de fortificacións, o que fixo crer nun principio que o



seu poder apoiábase nunha forte *talasocracia* –dominio do mar-. A súa poboación seguramente era do mesmo tipo que poderíamos atopar na península e no área SO do Asia Menor. Estes grandes palacios foron

destruídos arredor do 1700 a.C., non se sabe se foi unha invasión ou polos movementos sísmicos. Pero axiña foron reconstruídos, acadando a civilización minoica o seu período máis brillante. *Knosos* convértese agora no centro político da illa. A resurrección da cultura cretense parece deberse a pobos emparentados cos habitantes do SO do Asia Menor.

Deste importante período conservamos documentos escritos en xeroglíficos e na escritura chamada *lineal A*, ata o de agora non descifrada.


Asemade, dos monumentos e obxectos de culto que se conservan parece deducirse que a súa relixión consistía no culto a unha figura feminina, deusa da natureza que estaba relacionada cunha divindade infantil, fillo e amante ao tempo da deusa, e que quizá representara o espírito do ano, que morre e renace. Tamén hai testemuñas do culto ao piar e á columna. Os ritos desta relixión, de tipo agrícola, parece ser que tendían a asegurar a fertilidade.

Cara o final do período minoico medio houbo un gran movemento sísmico que destruíu totalmente esta civilización (aprox. 1600-1500 a.C.) e só foi reconstruído o palacio de *Knosos*.

## A CULTURA MICÉNICA

Paralelamente á etapa final da cultura minoica entra na Grecia continental unha poderosa ondada de pobos indoeuropeos –os que logo serían os gregos- que se instalarán definitivamente na península e, cara 1500 a.C., pasarán a Creta instalándose alí como conquistadores.

Xorden agora no territorio grego unha serie de cidades fortificadas das que as máis coñecidas son *Micenas* e *Tirinto*.



Actualmente coñecemos bastante ben os trazos máis importantes da civilización micénica, sobre todo grazas ao desciframento do *lineal B* por parte de M. Ventris en 1953: unha escritura derivada do lineal A, pero xa nun grego moi arcaico.

Os micénicos asimilaron os principais trazos da cultura minoica e espallaron a súa influencia non só pola Grecia continental e as Illas, senón tamén pola costa de Asia Menor ao conquistar Troia. Era o pobo micénico un pobo aguerrido, en contraste coas testemuñas da cultura minoica, e esa afección bélica queda patente nas pinturas e restos que posuímos desta civilización.

Tamén a relixión minoica deixou a súa pegada na relixión micénica.

Esta brillante civilización desapareceu arredor do 1200 a.C.. O colapso puido ser debido a guerras internas, pero tamén puido contribuír a penetración de outro pobo aguerrido: os dorios. O gran movemento de pobos que se produciu no centro de Europa nesta época empurrou seguramente aos dorios cara o Sur. As consecuencias da invasión doria foron grandes: destrución das cidadelas fortificadas, desaparición do uso da escritura, inicio de migracións por parte dos pobos da Grecia continental empurrados polos novos invasores.

Este período de fondas perturbacións representou unha total transformación da cultura grega: os pobos indíxenas asimílanse cos novos inmigrantes ou ben son empurrados cara o Leste –Illas e Asia Menor-; pouco a pouco vai aparecendo o ferro; o réxime monárquico vai esmorecendo, aparecendo agora unha aristocracia na que o rei xa non é máis ca un *primus inter pares*; paseniñamente vai xurdindo a nova organización da cidade-estado (*polis*); os fenicios entran en contacto coa illas e as costas de Grecia; en Asia Menor elaborase unha epopea oral que culminará nos poemas homéricos; xorde a cerámica xeométrica.

A este período adoita chamárselle Idade Media grega, polo seu parecido coa situación que se creou en Europa logo da invasión dos pobos xermánicos que remataron co Imperio Romano en Occidente.



# O PERÍODO GREGO

## A ÉPOCA ARCAICA

Logo duns primeiros séculos de confusión, Grecia vaise estabilizando paseniñamente: o período comprendido entre os séculos VIII e V a.C. é denominado época arcaica. Desde o punto de vista político podería chamarse “período das revolucións”. Os seus trazos máis característicos son os seguintes:

- 1) *Xorden as primeiras relacións comerciais*, unha vez asegurados os camiños do Mar.
- 2) O aumento da poboación obriga a buscar novas terras: é o fenómeno chamado “*as colonizacións*”: Sicilia, o Sur de Italia, o Mar Negro, o norte de África vanse cubrindo de colonias. As principais cidades colonizadoras foron *Calcis*, *Eretria*, *os focenses*, *Corinto* e, en menor medida, *Esparta*.
- 3) Paralelamente á aparición da aristocracia, o comercio permitiu o enriquecemento de determinados grupos que se esforzan por conseguir os seus propios dereitos. Iso trae consigo loitas políticas que culminarán na tiranía: o tirano é un personaxe que se fai co poder, e na súa loita coa aristocracia, que pretende manter os seus privilexios, prepara o camiño á democracia.
- 4) *Esparta* non evoluciona dun modo paralelo ao das outras cidades gregas. As súas condicións específicas a obrigan a organizarse como un estado militar que busca a súa expansión a costa dos seus veciños, os mesenios, cos que sostén terribles loitas (*guerras mesenias*).
- 5) *Atenas* é pioneira nalgúns aspectos da evolución política: logo do intento fallado de instaurar unha tiranía (*Cilón*, 632 a.C.), e aproveitando o enfrontamento entre as tres faccións nas que se organiza o Ática, *Pisístrato*, logo dalgúns fracasos, logra instaurar a súa tiranía no ano 546 a.C., logo que *Solón* houbera fracasado no seu intento de conseguir un acordo entre as faccións (594 a.C.). Por último, logo da caída dos pistrátidas, *Clístenes* consegue unha organización democrática de Atenas (508 a.C.).
- 6) As presións políticas das clases máis ricas, pero que non pertencían á aristocracia, obriga a unha codificación do dereito: os grandes lexisladores deste período foron Zaleuco, Carondas e Dracón.

## **A ÉPOCA CLÁSICA**

Grecia acadou a súa madurez histórico-política no século V a.C.. O seu trazo máis específico é o predominio de Atenas e o seu enfrontamento con Esparta, de modo que podemos dicir que esta época está determinada pola loita pola hexemonía sobre os demais estados gregos. Grecia tamén acada a súa madurez intelectual, literaria e artística.

Esta época abrangue desde os primeiros anos do século V a.C. ata o ano 338 a.C., data na que Atenas e os seus aliados caen diante da nova potencia militar de Macedonia.

## **A PRESIÓN DESDE ORIENTE: AS GUERRAS MÉDICAS**

Esta época comeza cunha gran crise provocada polo enfrontamento entre Grecia e o Imperio Persa aqueménida, nunha loita na que a vitoria grega significa o trunfo de Europa sobre Asia.

Persia fora entrando pouco a pouco en contacto co mundo helénico ao longo do século VI: primeiro en Asia Menor, coa conquista do reino de Lidia; logo en Europa, coa expedición do rei Darío ao Danubio. As cidades da franxa costeira de Asia Menor, na súa maior parte, estaban sometidas ao Gran Rei. Pero a rebelión do tirano de Mileto, Aristágoras, foi a chispa que fixo estoupar o conflito: Mileto foi sometida (494 a.C.) e Persia dispúxose a castigar ás dúas cidades que lle prestaran apoio: Atenas e Eretria, na illa de Eubea. Unha expedición naval ao mando de expertos militares desembarcou no Ática, pero foi derrotada en Maratón (490) por Milcíades. Esta vitoria ateniense representaba o trunfo do réxime democrático instituído en Atenas recentemente. Foi a súa proba de fogo.

A segunda guerra médica foi preparada con todo coidado polo fillo de Darío, o rei Xerxes. Divididos en dous grandes corpos de exército, un terrestre e outro marítimo, as forzas persas propoñíanse agora non xa a unha simple expedición de castigo, senón á conquista formal dos territorios gregos. Tentouse deter a entrada do exército de terra no paso das Termópilas, pero, traizoados os gregos, Leónidas, rei de Esparta, resistiu ata a morte mentres o groso das forzas gregas se retiraba.

Polo mar foi o xenio naval de Temístocles o que logrou a vitoria definitiva sobre Persia: primeiro en Artemisión (xunto a Eubea), e logo en Salamina. En Beocia o exército de terra foi aplastado en Platea. Axiña Grecia emprendeu unha guerra de represalia perseguindo aos persas e liberando as cidades e illas sometidas polo inimigo no seu avance. En Micale foron derrotados os persas unha vez máis.

## A PRESIÓN DESDE OCCIDENTE: SICILIA

Mentres na parte oriental do mundo grego estaba a loitarse contra os persas, na occidental, en Sicilia, os cartaxineses tentaban esnaquizar os brotes de civilización grega que alí había. Pero tamén aquí resultaron vencedores os gregos, e na batalla de Himera (480, o mesmo ano que Salamina) os cartaxineses perderon toda posibilidade de establecer o seu dominio sobre o conxunto da illa. O helenismo trunfou nesta dobre loita.

## A XESTIÓN DA VITORIA

### A LIGA DÉLICA E ATENAS

Unha vez eliminado o perigo persa, Esparta desentendeuse da prosecución da loita. Foi entón cando as cidades xónicas ofreceron a Atenas a mando na empresa de liberar os territorios aínda en poder dos persas. Creouse a liga ou confederación délica, con sede federal na illa de Delos, centro relixioso consagrado ao deus Apolo. Temístocles e Arístides foron os grandes organizadores da confederación, aínda que eran inimigos e rivais persoais. Enviados ao desterro un despois do outro polo procedemento do ostracismo, Cimón, fillo de Milcíades, continuou a loita contra o Imperio Persa.

Pero Atenas foi pouco a pouco transformando esta confederación délica nun imperio propio, e isto fixo que tivera serios enfrontamentos con Esparta.

### A PENTECONTENCIA

Os cincuenta anos que transcorren entre a contraofensiva grega contra os persas ata o comezo da guerra entre Atenas e Esparta son coñecidos co nome de Pentecontencia (do grego *πεντήκοντα*, cincuenta). Os acontecementos máis importantes ao longo deste período foron:

- 1) Na política interior de Atenas, unha encarnizada loita entre demócratas e conservadores, que rematou co trunfo da democracia radical. Entre os líderes da democracia destacan Efiálfes e Pericles; entre os conservadores, Cimón, Tucídides<sup>1</sup> e Nicias.
- 2) Na política exterior de Atenas temos que sinalar, como feitos importantes, o enfrontamento con Esparta, a continuación da loita contra Persia, axiña

---

<sup>1</sup> Este Tucídides é o fillo de Melesias, foi un dos principais rivais políticos de Pericles. Non confundilo co autor da Historia da Guerra do Peloponeso.

abandonada coa paz chamada de Calias, e o apoio á rebelión de Exipto contra o Gran Rei.



A oposición a Esparta culminou na chamada primeira guerra peloponésica, que rematou coa paz do 445, pola que Atenas renunciaba ao control da Grecia central e da rexión de Acaia a cambio da posesión da illa de Exina.

Durante estes anos foi Pericles –sobre todo tralo asasinato de Efiálfes- o xefe indiscutible de Atenas. O seu facer dálle nome a todo o século.

## A GUERRA DO PELOPONESO

Como xa dixemos, Atenas fora convertendo pouco a pouco a Liga délica nun imperio propio. Para liberar aos estados sometidos ao poder ateniense –e, de paso, deter a expansión de Atenas, xa intolerable para Esparta- os membros da Liga peloponésica se enfrontaron por segunda vez con Atenas nunha guerra moito máis longa e cruel que a anterior. É a chamada guerra do Peloponeso por antonomasia (431-404 a.C.)<sup>2</sup>. E a pesares dalgunhas vitorias atenienses rematou coa súa derrota total.

Nesta guerra o que se estaba a decidir, en realidade, era quen ía impor a súa hexemonía sobre os demais estados gregos. Significaba, ademais, un enfrontamento de dúas maneiras de concibir o mundo e a vida, como sinalou o propio Pericles no seu discurso fúnebre polos caídos no primeiro ano de guerra e que Tucídides nos transmitiu. Atenas, que tiña á súa fronte un estadista de gran envergadura, recibiu moi duros golpes: unha peste declarada no 429 cobrou, entre outras vítimas, ao propio Pericles. Logo del, xorden unha serie de políticos, como Alcibíades e Cleón, que, a pesares dos seus éxitos parciais, non puideron dar un xiro de todo favorable ao acontecementos. Sobre todo un golpe decisivo para Atenas foi o intento de invasión de Sicilia, inspirado polo propio Alcibíades, que rematou nun rotundo fracaso.

Na terceira fase da guerra, Lisando, xefe espartano, levou a cabo unha intelixente campaña de rebelión das cidades xónicas contra Atenas, que, logo dun duro asedio, viuse obrigada a capitular sen condicións.

---

<sup>2</sup> Este conflito tivo un breve interludio sen guerra coñecido como a Paz de Nicias (421-415)

Foi entón cando se instalou en Atenas un réxime oligárquico –o dos Trinta Tiranos- que fracasou pola súa dureza, e, logo dunha guerra civil, a democracia foi reinstaurada na cidade no 403.

## O SÉCULO IV

Nos anos que van desde a restauración democrática ata a vitoria de Macedonia sobre Atenas (338 a.C.) prodúcese unha paulatina descomposición do réxime tradicional de Grecia, a cidade-estado. Isto ocorre a través dos seguintes feitos:

- 1) A chamada guerra corintia, provocada polo descontento dos antigos aliados de Esparta, desconformes coa súa política. Así, Tebas, Corinto, Atenas e Argos levantáronse contra dos lacedemonios nunha guerra que rematou coa vitoria espartana no 386, unha vitoria que foi obtida grazas ao apoio sen disimulo do Imperio Persa que remata por impoñer as súas condicións (Paz do Rei).
- 2) A hexemonía tebana. Axiña apareceu un rival poderoso para as ambición dos espartanos. Tebas consegue, grazas a dous xenerais, Pelópidas e Epaminondas, emular primeiro e logo vencer a Esparta nas batallas de Leuctra e Mantinea, impoñendo o que será unha efémera hexemonía sobre o conxunto de Grecia.
- 3) A aparición de Macedonia. A decadencia de Tebas sinala a fin, de facto, do ciclo histórico da Grecia clásica: un período caracterizado pola falla de concordia entre as diferentes cidades helénicas. Como moito, unha cidade aparecía como hexemónica con respecto ás restantes, ou unha parte delas, pero sen conseguir a unidade de todo o territorio grego.

Esta misión quedaría reservada a Macedonia, rexión situada ao norte de Tesalia, un país semibárbaro que pouco a pouco foi collendo forza, e sobre todo grazas á xenialidade política e militar de Filipo conseguiu someter toda Grecia. Só a tenacidade de Demóstenes, estadista ateniense, foi un obstáculo para o rei macedónico. Pero en Queronea (338 a.C.) Filipo logrou derrotar á coalición de estados helénicos que Demóstenes organizara.

Filipo foi proclamado xefe da Liga de Corinto coa misión de atacar a Persia. Pero foi asasinado e a empresa acabaría nas mans do seu fillo, Alexandre.

## O PERÍODO HELENÍSTICO E ROMANO

### ALEXANDRE MAGNO

Logo de ser proclamado rei de Macedonia, Alexandre ocupouse de afianzar a súa posición e as conquistas do seu pai, esnaquizando a rebelión que, promovida por Demóstenes, comezara en Tebas. Esta cidade foi sometida severamente e castigada con dureza. *Alexandre* foi proclamado, como o seu pai antes, xefe da Liga de Corinto, e en primavera do 334 comezou a marcha contra Persia con un gran exército. En tres batallas decisivas, *Gránico*, *Isos* e *Gaugamela*, acabou co exército persa de *Darío III*.



Sen embargo, a expedición de Alexandre non foi soamente militar: fundou diversas cidades co seu nome, como a Alexandría de Exipto, e procurou a fusión de vencedores e vencidos nunha nova unidade política. El mesmo deu exemplo casando cunha princesa persa e fomentando o matrimonio dos seus oficiais e soldados con mulleres do imperio persa.

Alexandre non parou en Persia: logo de morto o Gran Rei a mans do sátrapa da Bactriana, continuou a súa incursión polo interior de Asia, chegando ata os afastados territorios da India. Pero o cansazo dos seus homes obrigouno a abandonar a empresa.

### O IMPERIO DE ALEXANDRE DESPOIS DE ALEXANDRE

A obra de Alexandre non foi adiante tal como o tiña pensado o rei. Para que esas enormes conquistas cristalizaran nun imperio único tería que darse a circunstancia de que o seu fundador vivira o suficiente para deixalo todo organizado. Pero Alexandre

morreu moi novo, na cidade de Babilonia, no 323 a.C.. Entre a súa morte e a organización definitiva do territorio conquistado hai unha serie de etapas que debemos distinguir:

- 1) O intento por conservar a unidade do imperio. Pérdicas, garda do selo real, tentou con todas as súas forzas manter a unidade do imperio en beneficio do fillo de Alexandre e de Roxana, Filipo IV, ou no seu propio. Pero fracasou polas ambicións dos demais xenerais de Alexandre que se opuxeron ás ambicións de Pérdicas. Así, Ptolomeo, Seleuco, Antígono e Antípatro uníronse contra el e o derrotaron. O segundo intento por manter o imperio nunha soa man foi o de Antígono, apoiado polo seu fillo Demetrio Poliorcetes. Pero este intento rematou en fracaso na batalla de Ipsos (301 a.C.), e logo da súa vitoria os xenerais vencedores repartíronse definitivamente as provincias do imperio xa convertidas en reinos.
- 2) Xorden así varios reinos (*Macedonia, Asia Menor, Tracia, Exipto*) que rematarían reducidos ao que se coñece como o sistema dos tres estados (*Macedonia, Exipto e Asia*).

En Exipto establecérase desde un primeiro momento, a dinastía dos Ptolomeos; en Macedonia, logo de moitos cambios, quedou establecida definitivamente a dinastía dos Antigónidas, comezada con Demetrio Poliorcetes, e que tivo grandes figuras militares ata que, logo das guerras macedónicas caeu fronte a Roma; en Asia instalouse a dinastía Seléucida, cuxos reis máis importantes foron Antíoco III o Grande e Antíoco IV Epífanes. Por último, na rexión NO de Asia Menor os Atálidas crearon o reino de *Pérgamo*.

## **A GRECIA PROPIA NESTE PERÍODO**

A Grecia continental e insular quedou situada entre estes reinos, que bastantes veces tentaron controlalos política ou militarmente. Pero, aínda así, tivo certa iniciativa nalgunhas ocasións.

Atenas, logo de ser vencida por Filipo e sometida por Alexandre, tentou trala morte deste recuperar a súa antiga soberanía, pero fracasou no empeño: a partir de aí só foi obxecto de discusión entre as grandes potencias da época. Por último rematou sendo unha cidade aberta aos visitantes que destacaba sobre todo polo seu prestixio intelectual.

Esparta foi debilitándose paseniñamente logo da perda da súa hexemonía fronte a Tebas. Só nalgúns momentos, no século III a.C. tentaría volver ao seu pasado glorioso:

así, os intentos de Agis e Cleómenes, que fracasaron diante da intervención de Macedonia, que derrotou a Esparta na batalla de Selasia (222 a.C.)

A Liga etolia e a Liga aquea foron creacións político-militares do século IV que acadaron o seu maior poder no século III-II a.C.. A Liga etolia era unha federación de estados do NO de Grecia, con sede en Delfes, que sempre se opuxo ás ambicións de Macedonia. Pero nun momento decisivo púxose do lado de Antíoco o Grande fronte a Roma, o que foi a súa ruína e desaparición.

A Liga aquea era tamén unha unión federal de estados do N do Peloponeso –Sición, Corinto, Megalópolis, Argos- que tivo en Arato e Filopemen aos seus mellores estadistas. Aliada ao principio con Macedonia contra as pretensións espartanas de controlar o Peloponeso coa axuda da Liga etolia, tamén caeu ante o poder de Roma, que castigou a súa rebelión coa destrución de Corinto por Mumio no 146 a.C.

## **BAIXO ROMA**

O enfrontamento entre Roma con Macedonia e os seus aliados levou a unha serie de guerras que facilitaron primeiro a intervención e logo o dominio de Roma sobre todo o territorio de Grecia. Os momentos máis importantes deste enfrontamento son as guerras macedónicas, contra Filipo V e Perseo e a guerra contra Antíoco.

Grecia quedou transformada nunha provincia romana co nome de Acaia. Convertida en campo de batalla durante as guerras civís do final da República (Farsalia e Filipos), Grecia pasou a ser moi cedo centro de estudo, onde se formarían as elites romanas no saber helénico.